
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 23 DE XUÑO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito sobrance da estrada PO-205 (Silleda N-525)-Vila de Cruces (PO-206), na parroquia de Besexos, a prol do Concello de Vila de Cruces.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2011/2012.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se pon en coñecemento do Parlamento de Galicia que Corina Porro Martínez foi proposta para o cargo de presidenta do Consello Económico e Social de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval, por importe máximo de cincocentos oitenta e dous mil euros (582.000,00 euros), á *Plásticos Reguera, S.L.* (expediente nº AV/0657).

- Acordo polo que se autoriza o Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval, por importe máximo de trescentos setenta e cinco mil euros (375.000,00 euros) a *Suministros Técnicos de Galicia, S.L.* (expediente nº AV/0757).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Università degli Studi di Roma La Sapienza, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (56.976,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a University of Birmingham, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil catrocentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (62.476,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Uniwersytet Warszawski para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil catrocentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (62.476,32 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 31 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (importe total: oitocentos sete mil seiscentos catro euros con oitenta céntimos (807.604,80 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Cruz Vermella de Galicia para a execución do “Programa de Familias Acolledoras” dirixido ao acollemento en familia allea de menores en situación de risco ou desamparo, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Liña de media tensión, CT, CONTIXE F II" sobre a que cualifica o monte veciñal en man común Vilarchán pertencente á comunidade de Vilarchán, no concello de Ponte Caldelas, Pontevedra. Superficie de afección: 5.669,03 m².

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a situación do planeamento urbanístico en Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Proxecto de decreto das mesas locais de comercio.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o novo procedemento de identificación de pacientes nos centros hospitalarios dependentes do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a reorganización das unidades de sangue e tecidos de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de Inspección de Turismo do verán 2011 e balance da actividade inspectora e sancionadora dos primeiros cinco meses de 2011.

A XUNTA POSPÓN ATA O 1 DE XANEIRO A OBRIGATORIEDADE DE DISPOR DA HABILITACIÓN OFICIAL PARA OS PORTEIROS DE DISCOTECA

- *Desta maneira permítase a todos os interesados acadar a preparación adecuada para superar as probas*
- *Un total de 199 aspirantes preséntanse o vindeiro 30 de xuño á terceira proba para obter a habilitación*
- *Debido á gran demanda de profesionais, no próximo mes de setembro será convocada a cuarta proba*

O Consello da Xunta informou hoxe da modificación do Decreto 8/2010, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas. A Xunta amplía ata o próximo día 1 de xaneiro do 2012 a entrada en vigor da obrigatoriedade de ter a habilitación expedida pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para poder desenvolver a dita actividade.

Ata agora realizáronse dúas probas para a obtención da devandita habilitación e foron 297 as persoas que as superaron. Porén, á vista dos matriculados para a seguinte convocatoria prevista para o vindeiro 30 de xuño, constátase que hai un número moi alto de interesados na obtención da habilitación, que na súa maior parte son profesionais que viñan desenvolvendo as funcións de controladores, os cales, a partir do 31 de xullo, quedarían inhabilitados para o desempeño das súas funcións.

Por este motivo, desde o Goberno galego considérase necesario aprazar a data a partir da cal se lles exixa a estes profesionais estaren en posesión da pertinente habilitación, e amplía o prazo de maneira que se lles permita a todos os interesados acadar a preparación adecuada para superar as probas.

Entre as funcións dos porteiros están as de controlar a entrada das persoas ao establecemento, comprobar a idade dos que pretenden acceder, controlar a adquisición da entrada ou localidade, supervisar que non se exceda o aforo autorizado, vixiar que as bebidas non se saquen do local, prohibir o acceso fóra do horario de peche, e incluso, se fose necesario, auxiliar as persoas que estean feridas e chamar ao teléfono de emerxencias correspondente.

Esta nova regulación ofrece melloras para os empresarios do sector da hostalaría e os espectáculos públicos, que tiñan reclamado en numerosas ocasións esta medida; para os usuarios e clientes, que ven reforzados os seus dereitos e a seguridade; e para os propios controladores de acceso, que logran o recoñecemento e a dignificación da súa profesión.

Terceira proba

A AGASP publicou no DOG a listaxe de aspirantes ás seguintes probas que terán lugar o vindeiro 30 de xuño na sede da Academia. Un total de 199 persoas foron admitidas para a realización dos exames, que consistirán nunha proba de coñecementos e nunha proba psicolóxica. A listaxe definitiva de aspirantes admitidos pode consultarse a través da páxina web oficial da Academia Galega de Seguridade Pública: <http://agasp.xunta.es>

Neste sentido, cómpre salientar que o ano pasado, por primeira vez en Galicia, a Xunta regulou por decreto os requisitos que deben cumprir os controladores para exercer as súas funcións. O Goberno galego só está obrigado a facer unha convocatoria anual, pero a prol dunha maior seguridade, e debido á gran demanda que estas probas están a ter, no mes de setembro será convocada a cuarta proba.

Desenvolvemento das probas e requisitos

A proba de coñecementos consistirá en contestar un cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, máis cinco de reserva, que versarán sobre temas relativos á Constitución española, normativa básica do dereito de admisión, follas de reclamacións, posesión de armas, medidas de seguridade en establecementos de pública concorrencia e primeiros auxilios, entre outros asuntos.

Así mesmo, tras o test realizárase un exercicio de tradución dun texto do galego para o castelán, como cumprimento do requisito de coñecementos básicos dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia. Este exercicio terá carácter voluntario para todos aqueles aspirantes que coa solicitude xa entregasen a documentación precisa para comprobar os ditos coñecementos. Finalizados estes exercicios teóricos, e na mesma sesión, terá lugar a segunda proba, consistente na realización dun test psicolóxico. Para obter a habilitación deberá obterse a cualificación de apto nas dúas probas.

Os requisitos para poder desempeñar as funcións de persoal de control de acceso son: a maioría de idade; ter nacionalidade española, dalgún país da UE ou ter permiso de residencia e traballo en vigor; carecer de antecedentes penais; ter coñecementos básicos das linguas oficiais de Galicia para poder atender o público en calquera delas; e superar as probas específicas que convoca a AGASP.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA SILLEDA-VILA DE CRUCES (PO-205), A PROL DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES

- *O cambio vén motivado porque o tramo que discorre pola parroquia de Besexos, entre o punto quilométrico 12+890 e o pq 13+120, cunha lonxitude de 250 metros, adquiriu características netamente urbanas*
- *A partir da formalización da entrega, o concello encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do tramo*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada Silleda-Vila de Cruces (PO-205) a prol do concello pontevedrés de Vila de Cruces. O cambio vén motivado porque o tramo que discorre entre o punto quilométrico 12+890 e o pq 13+120, na parroquia de Besexos, cunha lonxitude de 250 metros, adquiriu características netamente urbanas.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e, de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas por non daren continuidade a itinerarios ou seren treitos de estradas nas cales se fixeron variantes de trazado.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A entrega formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Cómpre recordar que o Concello de Vila de Cruces solicitou da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o cambio de titularidade deste treito de 250 metros, que foi finalmente aceptada polo Pleno da Corporación Local o pasado 28 de abril.

O concello, a partir da formalización da entrega, encargárase de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden

ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO APLICARÁ NOS SEUS PREZOS PÚBLICOS O MÍNIMO INCREMENTO OBRIGADO POLO MINISTERIO DE EDUCACIÓN

- *Ademais, conxélanse os prezos do curso 2009/2010 tocante ás taxas de secretaría e expedición de títulos*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto de prezos públicos correspondentes aos estudos que conducen á obtención de títulos oficiais no Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso 2011/2012. Con este visto e praxe, o vindeiro ano académico os universitarios que estuden en Galicia aboarán só un 3,6% máis nas taxas universitarias, de acordo co compromiso da Consellería de Educación co acceso en igualdade de oportunidades a unha educación de calidade.

Deste xeito, a consellería decidiu aplicar o incremento mínimo obrigado nestes prezos polo Goberno central, concretamente dentro dos límites marcados pola Conferencia Xeral de Política Universitaria (CXPU) - entre o 3,6 e o 7,6%- para os prezos académicos e demais dereitos para estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de primeiro e segundo ciclo e grao.

Ademais, o decreto conxela os prezos do curso 2009/2010 - é dicir, un incremento 0- no tocante ás taxas de secretaría e expedición de títulos.

Respecto das ensinanzas de doutoramento, a CXPU estableceu unha marxe diferente, entre os 200 e os 400 euros. Neste caso, a Consellería de Educación opta tamén por aplicar o incremento mínimo, é dicir, 200 euros. Con todo, estas taxas serán de aplicación para os programas de doutoramento comprendidos no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro de 2011, que regula as ensinanzas de doutoramento, polo que en Galicia non entrarán en vigor ata o curso 2012/2013.

É o segundo ano consecutivo que a consellería opta polo mínimo incremento nas taxas, establecido pola CXPU. No curso 2009/2010, o departamento educativo da Xunta de Galicia acolleuse á posibilidade de conxelar as taxas.

Compromiso social

Con este decreto o Goberno galego reafirma o seu compromiso cunha política social no eido universitario. Nesta mesma liña, a Consellería de Educación convocou axudas ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia que teña dificultades económicas ocasionadas por causas sobrevidas ou imprevistas.

Desta forma quere contribuír a que as alumnas e os alumnos das universidades galegas afectados por problemas como o falecemento dun proxenitor ou o desemprego do sustentador principal da familia poidan continuar cos seus estudos.

A XUNTA INFORMA O PARLAMENTO DE GALICIA DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE CORINA PORRO COMO PRESIDENTA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

- ***Desde o ano 2009 e ata o pasado mes de maio foi presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo***

A Xunta, a proposta das Consellerías de Traballo e Facenda, informará o Parlamento galego da proposta de nomeamento de Corina Porro como presidenta do Consello Económico e Social de Galicia. Porro foi, desde 2009 e ata o pasado mes de maio, presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo.

Nacida en Ferrol en 1954, é diplomada en Enfermaría pola Universidade de Santiago de Compostela. En 2001 tomou posesión da súa acta de deputada autonómica e foi nomeada conselleira de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia. Previamente, entre 1999 e 2001, ocupou o cargo de directora xeral de Servizos Sociais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

En decembro de 2003 tomou posesión do seu cargo de alcaldesa do Concello de Vigo. En marzo de 2004 foi designada senadora pola Comunidade Autónoma de Galicia e renunciou a este cargo a principios de 2006 en favor do ex presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne.

En maio de 2007 foi nomeada xefa da oposición no Concello de Vigo, con acta de deputada provincial e sendo vicepresidenta da Deputación Provincial de Pontevedra. Tras as eleccións xerais de marzo de 2008 foi elixida senadora pola provincia de Pontevedra e, en marzo de 2009, tomou posesión como presidenta da Autoridade Portuaria da Cidade Olívica.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FACILITA CON GARANTÍAS PÚBLICAS OPERACIÓNS DE FINANCIAMENTO EMPRESARIAL QUE SUMAN 1,72 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Consello da Xunta autoriza a concesión, a través do Instituto Galego de Promoción Económica, de avais que suman 957.000 euros a Plásticos Reguera e Suministros Técnicos de Galicia***
- ***As empresas beneficiarias poderán manter máis de 100 postos de traballo vinculados coa industria auxiliar da automoción e coas subministracións técnicas***

Mediante a concesión de avais que suman 957.000 euros, a Consellería de Economía e Industria apoia, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), operacións de financiamento empresarial por importe de 1,72 millóns de euros. As empresas beneficiarias poderán asegurar o seu funcionamento operativo e manter 107 postos de traballo mediante a reestruturación dos seus pasivos.

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a concesión dun aval de 582.000 euros a *Plásticos Reguera*, que emprega a 35 traballadores no Porriño, para apoiar unha operación de financiamento por importe de 970.000 euros destinada facilitar o funcionamento operativo mediante a achega de liquidez para que poida reestruturar os seus pasivos bancarios, unha vez aprobado o convenio de acredores no proceso concursal polo que atravesou a empresa.

As actividades de *Plásticos Reguera, S.L.* consisten na fabricación de pezas de plástico por inxección para o sector da automoción. Entre os seus clientes están media ducia das principais empresas auxiliares deste sector que operan en Galicia.

Do mesmo xeito, o Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dun aval de 375.000 para apoiar unha operación de financiamento de *Suministros Técnicos de Galicia* (Sutega) cifrada en 750.000 euros e destinada á adecuación dos seus pasivos bancarios á capacidade de reembolso da empresa, cun cadro de persoal de 79 persoas en Galicia nos seus centros da Coruña e Vigo.

A maior parte do negocio de Sutega desenvólvese en Galicia pero a sociedade está gañando peso no mercado internacional e destaca a realización de instalacións a nivel mundial para clientes, como son varias multinacionais españolas. No ano 2010 a empresa realizou, ademais, a instalación do mobiliario no novo Senado mexicano.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas viables que atravesan dificultades poidan obter o financiamento que precisen para cubrir as súas necesidades de circulante.

O ENSINO E A INVESTIGACIÓN DO GALEGO REFORZAN A SÚA PROXECCIÓN INTERNACIONAL A TRAVÉS DAS UNIVERSIDADES DE BIRMINGHAM, ROMA E VARSOVIA

- *A Consellería de Educación colaborará coas tres institucións académicas para que os seus plans de estudos inclúan a lingua e a cultura galegas nos próximos cursos*

O ensino e a investigación do galego amplían a súa dimensión internacional a través das universidades de Birmingham, La Sapienza (en Roma) e Varsovia, grazas ao apoio do Goberno galego. O Consello da Xunta aprobou hoxe os tres convenios que amplían a colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e estes centros de estudos superiores para posibilitar a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas durante os tres próximos cursos académicos.

Ao abeiro deste marco de colaboración, as universidades incluírán no seu plan de estudos unha importante oferta académica que lle permitirá ao seu alumnado cursar materias de lingua, literatura e cultura galegas. Ademais, estes convenios recollen a organización de diversas actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión do galego, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., que se levan a cabo tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

O encargado de levar a cabo as iniciativas que se recollen no convenio será un lector ou lectora de galego, que nomeará a Secretaría Xeral de Política Lingüística por un período inicial dun ano, coa posibilidade de renovación ata completar unha estadía máxima de tres.

Máis de 1.800 universitarios estudaron galego o pasado curso

Grazas a este tipo de convenios, a Xunta de Galicia posibilitou que no pasado curso académico 2009-2010 un total de 1.843 alumnos e alumnas estudasen lingua e cultura galegas a través dos centros de estudos galegos de universidades de Europa e de América, concretamente de Alemaña, Arxentina, Brasil, Cuba, Croacia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Uruguai.

A creación destes centros de estudos galegos enmárcase, desde o punto de vista normativo, na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Así mesmo, a convocatoria de prazas nos lectorados destes centros responde a un dos obxectivos do Plan Xeral

de Normalización da Lingua Galega fixados no ámbito da proxección exterior, que incide en “consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico”.

TRABALLO AMPLÍA ATA OS 10 MILLÓNS DE EUROS A ORDE DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a segunda ampliación desta orde, que ascende a unha contía de máis de 800.000 euros, e que se suma á primeira ampliación de orzamento que se realizou en xaneiro, que ascendeu a 1,9 millóns***
- ***Ao abeiro desta convocatoria, prevese favorecer a contratación de preto de 350 orientadores laborais***
- ***Trátase dun orzamento plurianual para os exercicios 2011 e 2012***
- ***Estas axudas diríxense ás entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro que desenvolvan labores de información, orientación e busca de emprego***

A Consellería de Traballo e Benestar ampliará ata os 10 millóns de euros o orzamento da orde de convocatoria pública de subvencións das accións de información, orientación e busca de emprego. En concreto, o Consello da Xunta autorizou hoxe a segunda ampliación desta orde, que se concreta nunha contía de máis de 800.000 euros. Esta ampliación súmase á xa realizada no pasado mes de xaneiro, e que era de 1,9 millóns de euros.

Deste xeito, o orzamento inicial desta orde –que é plurianual porque abrangue os exercicios 2011 e 2012-, que era duns 7,2 millóns de euros, pasa agora a superar os 10 millóns de euros. Esta iniciativa está cofinanciada polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia a través do Programa operativo de Galicia 2007-2013.

Ao abeiro desta convocatoria, prevese favorecer a contratación duns 350 orientadores laborais grazas ás axudas que chegarán a unhas 85 entidades locais, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

De feito, estas axudas diríxense ás entidades como concellos, universidades ou organizacións sen ánimo de lucro que desenvolvan labores de información, orientación e busca de emprego mediante itinerarios personalizados de inserción ocupacional para mellorar as posibilidades de incorporación ao mercado laboral dos demandantes do Servizo Público de Emprego.

En concreto, a Consellería de Traballo e Benestar subvencionará os custos de persoal e os gastos xerais das entidades colaboradoras externas que acheguen os recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para levar a cabo as ditas actuacións.

Os técnicos contratados polas entidades colaboradoras pasarán a formar parte do sistema integrado de orientación laboral do Servizo Público de Emprego, co que todos estarán en permanente coordinación.

Co financiamento destas accións en materia de orientación, a consellería busca facilitar a inserción e reincorporación laboral dos desempregados, ademais de favorecer a súa mobilidade profesional no mercado de traballo e dar apoio para que os destinatarios tomen as decisións máis adecuadas respecto das súas necesidades formativas.

Tamén se procura mellorar a empregabilidade dos traballadores e desenvolver o espírito emprendedor e as iniciativas de autoemprego. A Consellería de Traballo e Benestar pretende potenciar, tamén a través desta iniciativa, unha participación activa no procedemento de acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

BENESTAR DESTINA UN TOTAL DE 200.000 EUROS AO PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS QUE XESTIONA CRUZ VERMELLA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e esta entidade social*
- *Cruz Vermella leva a cabo este programa en Galicia desde o ano 1995*
- *En 2010, participaron neste programa un total de 160 familias alleas, que permitiron a 228 nenos e nenas a estadía nun fogar*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 200.000 euros ao Programa de familias alleas acolledoras que desenvolve Cruz Vermella en Galicia. Con este fin, o Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre este departamento autonómico e esta entidade social.

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre o Goberno autonómico e a Cruz Vermella para proporcionarlles unha atención temporal en familia allea aos menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social. Trátase de acollelos nun ambiente familiar normalizado cando non é posible que permanezan na súa familia de orixe (familia extensa) por non existir ou por non ser idónea para o seu coidado.

De feito, o acollemento familiar (en familia extensa ou allea) é unha das modalidades de execución da garda dos menores por parte da Administración. En ocasións, non é viable o acollemento en familia extensa, polo que é preciso contar cun banco de familias alleas –que é o que xestiona Cruz Vermella a través deste convenio- que estean dispostas a acoller temporalmente os menores. Estas familias reciben unha retribución económica pola súa colaboración.

Ao longo de 2010 participaron neste programa un total de 160 familias alleas que permitiron a estadía nun fogar a 228 nenos e nenas. O obxectivo final destas actuacións é acadar un adecuado desenvolvemento do menor en todos os ámbitos, e un ambiente normalizado adecuado sempre á súa idade e momento evolutivo.

A Xunta supervisará todas as actuacións do desenvolvemento do programa, propondrá os menores para a incorporación neste programa, ofrecerá soporte técnico e gardará o cumprimento das obrigas en canto á garda do menor. A Cruz Vermella, pola súa banda, encárgase de difundir o programa, captar as familias e acompañalas e asesoralas durante o acollemento.

Para a execución deste programa, a entidade conta cun equipo en cada provincia formado por un psicólogo e un traballador social, que pode ser ampliado segundo as cargas de traballo.

Este convenio inscríbese dentro doutras actuacións realizadas pola Consellería de Traballo e Benestar en materia de protección menores, como é o acollemento en familia extensa e allea, o acollemento residencial, ou os programas de adopción nacional e internacional.

De feito, durante o ano 2010 foron acollidos na súa familia extensa –isto é, de relación de parentesco- un total de 1.354 menores cun investimento de 2,8 millóns de euros.

APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE ELECTRIFICACIÓN NUN MONTE DE PONTE CALDELAS

- *O Servizo de Montes de Medio Rural en Pontevedra comunicou o expediente á comunidade de Vilarchán, que non se opuxo ao dito proxecto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de prestación de servizo de electrificación sobre a que cualifica o monte veciñal en man común Vilarchán, pertencente á comunidade homónima, no municipio pontevedrés de Ponte Caldelas. A superficie afectada é superior aos 5.600 metros cadrados.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra, o Servizo de Montes de Medio Rural nesta provincia comunicou o expediente á comunidade de Vilarchán, e abriuse un período de quince días para posibles alegacións. A dita comunidade non se opuxo á realización do proxecto.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo deste, propuxo que se emitise informe favorable sobre esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

MEDIO AMBIENTE TEN INVESTIDO OU COMPROMETIDO MÁIS DE 40 MILLÓNS DE EUROS PARA GARANTIR QUE EN 2015 ARREDOR DO 100% DOS CONCELLOS TEÑAN POSTO AO DIA O SEU PLANEAMENTO

- *Se cando chegamos só o 8% da poboación tiña PXOM no seu concello, agora esa porcentaxe é do 25%*
- *Na actualidade, 53 concellos teñen o PXOM adaptado á Lei do solo, 194 municipios dispoñen de diferentes tipos de planeamento e 68 non teñen ningunha figura de planeamento urbanístico*
- *En 2010, Medio Ambiente concedeu axudas por valor de 8,4 millóns de euros, 5,4 para a redacción de plans xerais e plans especiais de protección e 2,9 para adaptar os PXOM en tramitación á modificación da LOUGA*
- *Como novidade, un total de 19 concellos recibiron subvencións para a redacción de plans especiais de protección, que teñen por obxecto preservar o patrimonio cultural de asentamentos de carácter histórico ou de singular valor arquitectónico*
- *Os 22,4 millóns para a ordenación dos municipios comprometidos para 2011-2015, engadidos aos 20,5 M€ aboados en anualidades anteriores, supoñen un investimento de 42,9 M€*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dispón de case 22,4 (22.394.406,46) millóns de euros en curso para a redacción e actualización dos plans xerais de ordenación municipal (PXOM), adaptación destes instrumentos de ordenación en tramitación á modificación da LOUGA (Lei 2/2010, que entrou en vigor o 21 de abril 2010) e redacción de plans especiais de protección.

O Goberno galego reparte ao longo deste ano subvencións por un total de 2.002.343 millóns de euros. As axudas, que se concederán desde este ano ata 2015, suman un total de 22,4 millóns de euros que, engadidos aos 20,5 millóns de euros das axudas en curso pero xa aboadas en anualidades anteriores, supoñen que na actualidade o investimento destinado aos municipios galegos para redactar ou actualizar os seus instrumentos de planeamento ascende a preto de 43 millóns de euros.

O aboamento destes 22,4 millóns de euros distribúese en cinco anualidades correspondentes ás cinco fases que comporta a tramitación dos ditos instrumentos de planeamento, e que a consellería aboa aos concellos cando xustifican a execución dos seguintes tramites: 1ª sinatura de contrato co equipo redactor; 2ª remisión do expediente á Consellería de Medio Ambiente para emisión de informe previo á aprobación inicial; 3ª Aprobación inicial polo Pleno do concello; 4ª Aprobación provisional polo Pleno e 5ª Aprobación definitiva pola consellería.

Co fin de axilizar a redacción dos planeamentos urbanísticos e que os concellos dispoñan con maior celeridade dos recursos económicos para continuar coa tramitación, a consellería modificou o pasado ano os criterios de aboamento destas

axudas. Anteriormente, a 2ª das fases aboábase cando a consellería emitía o informe previo á aprobación inicial; agora, cando o concello remite o expediente para a emisión do informe.

Na actualidade un total de 250 concellos dispoñen de subvención da Xunta de Galicia para a elaboración de instrumentos de planeamento, o que significa que neste momento un 80 % dos concellos está recibindo axuda, e que preto do 100% dos que non teñen planeamento ou que aínda non o teñen adaptados á Lei do solo teñen concedidas subvencións. Deste xeito, na provincia da Coruña 66 concellos contan con subvención; en Lugo, 61; en Ourense, 70; e en Pontevedra, 53.

Estas axudas van desde un 100% do custo total da redacción do plan para os concellos de menos de 5.000 habitantes, ata un 90% para os concellos de entre 5.000 e 20.000, e un 80% para os concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes.

Nestes 22, 4 millóns de euros están incluídos os 2,9 millóns de euros da Orde do 29 de xullo de 2010 para a concesión de axudas complementarias ás xa concedidas para a adaptación do PXOM á Lei do solo (Lei 2/2010).

Cómpre destacar que 163 entidades locais (36 concellos da provincia da Coruña; 42 da de Lugo, 54 da de Ourense e 31 na provincia de Pontevedra) resultaron beneficiadas por cumpriren os requisitos: non superar a cifra dos 50.000 habitantes, dispoñer de axuda para a redacción do PXOM concedida ao abeiro de ordes anteriores coa mesma finalidade, e ter contratados os traballos de redacción dos seu PXOM con anterioridade ao 23 de setembro do ano 2009.

Cómpre salientar que os 99 concellos (dos 163 aos cales se lles concedeu), que xustificaron en prazo a adaptación da tramitación do PXOM á Lei do solo (Lei 2/2010) xa recibiron a principios deste anos os aboamentos correspondentes, o que supón que a consellería xa lles facilitou 1,9 millóns de euros dos 2,9 millóns de euros concedidos, o que equivale ao 65 % do importe total desta axuda.

Outros 25 concellos que tiñan dereito a ela, optaron por non solicitala. Na provincia da Coruña (6): Bergondo, Cariño, Carnota, Miño, Negreira e Trazo; na de Lugo (8): Folgoso do Courel, Guntín, Láncara, Lourenzán, As Nogais, Pantón, Riotorto e Trabada; na de Ourense (6): Calvos de Randín, Cartelle, A Merca, Monterrei, Rubiá e A Veiga, e na de Pontevedra (5): Arbo, Crecente, A Estrada, A Illa de Arousa e Pontearreas.

Situación do planeamento en Galicia

Estes datos xustifican a necesidade do impulso urxente aos planeamentos municipais por parte da consellería, que actúa na mellora da eficiencia do traballo, nos cambios

lexislativos e na habilitación de novas axudas, co obxectivo de achegar facilidade e axilidade e incrementar as garantías e a seguridade xurídica na tramitación.

Dos 315 concellos galegos:

247 concellos, o 78% réxense por un planeamento xeral:

- 53 (18%) teñen un PXOM adaptado á lei vixente
- 194 (62%) están redactando un PXOM, dos cales 153 (79%) xa iniciaron a revisión

68 concellos, o 20 % non teñen planeamento ou está suspendido ou anulado:

- 60 xa empezaron a redactar un PXOM
- 2 concellos nin teñen planeamento nin están redactando un PXOM acorde coa lei vixente: Abadín e Ribeira de Piquín, da provincia de Lugo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, emitiu 82 informes do planeamento en Galicia nestes dous anos. 46 de aprobación inicial e 36 de aprobación definitiva. Unha boa mostra de axilidade e comunicación fluída dos concellos e equipos redactores é que das 36 ordes ou resolución de aprobación definitiva dos PXOM emitidas neste dous anos, 20 foron favorables. Nestes primeiros dous anos da presente lexislatura 18 concellos acadaron un PXOM acorde coa lei vixente.

- 2009 (4 concellos): Vilar de Barrio, Vigo, Sober, Laxe.
- 2010 (9 concellos): Pedrafita do Cebreiro, Touro, Teo, Rairiz de Veiga, Cualedro, Valga, A Arnoia, Muros e Dodro.
- 2011(5 concellos): Outes, Tui, Cenlle, Beade e Lugo.

Neste momento os técnicos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo están analizando, para a aprobación definitiva, o documento do PXOM de Moaña (remata prazo 13/07/2011), A Pastoriza (prazo remata 25/08/2011) e Silleda, neste caso para informe previo á aprobación inicial (prazo remata o 8/08/2011).

A XUNTA ESTABLECE POR PRIMEIRA VEZ A PARTICIPACIÓN ACTIVA DO COMERCIO DE PROXIMIDADE NA POLÍTICA COMERCIAL DOS SEUS CONCELLOS COA CONSTITUCIÓN DAS MESAS LOCAIS

- *O Consello da Xunta dá o seu visto e praxe ao informe sobre o proxecto de Decreto polo que se regulan as mesas locais de comercio*
- *As mesas constitúense como foros de encontro e debate do comercio de proximidade, os concellos galegos e mais os consumidores*
- *A Xunta tense dirixido aos concellos para requirirles a constitución das mesas locais de comercio e xa obtivo resposta de 224 municipios*
- *Actualmente xa se constituíron 116 Mesas*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe ao informe da Consellería de Economía e Industria sobre o proxecto de Decreto polo que se regulan as mesas locais de comercio, como órganos colexiados de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial, en desenvolvemento da Lei de comercio interior de Galicia.

Deste xeito, as mesas constitúense como foros de encontro e debate do comercio de proximidade, os concellos galegos e mais os consumidores e, por primeira vez, constitúense plataformas que permitirán a participación activa dos comerciantes no deseño da política comercial municipal.

A constitución das mesas locais é unha das propostas máis demandadas polo comercio de proximidade, de cara á potenciación do asociacionismo e a unión entre comerciantes, para o fortalecemento do sector, a mellora na prestación de servizos, o incremento da calidade e a modernización da súa actividade.

Os obxectivos das mesas, fixados no proxecto de decreto, establecen a dinamización e modernización do comercio; a existencia dun foro de debate plural e eficaz e a habilitación dun órgano de consultivo de coordinación, de cara á promoción da actividade comercial en cada concello.

As mesas locais de comercio deberán participar no deseño das campañas de promoción do comercio dos municipios, informar sobre as campañas postas en marcha con fondos públicos, sobre as solicitudes para a realización de feiras de oportunidades e sobre as cuestións que lle solicite a consellería competente, no eido comercial. Así mesmo, deberán actuar como órganos consultivos, propoñer iniciativas ao concello para a mellora do sector e ser escoitadas na elaboración de plans de tráfico e de ordenación do territorio.

A Xunta tense dirixido aos concellos para requiririlles a constitución das mesas locais de comercio e xa obtivo resposta de 224 municipios, coa posta en marcha de 116 mesas. Ademais, segundo estipula a normativa, nos concellos que non poden constituír mesas por teren menos de 20 comercios ou careceren de asociacións comerciais, as funcións destas serán igualmente desenvolvidas pola deputación provincial correspondente. Ademais, cómpre lembrar que o prazo para a contestación de todos os concellos é dun ano a partir da aprobación da Lei de comercio en xaneiro de 2011.

Deste xeito, a Xunta cumpre co compromiso de alentar dinámicas comerciais que contribúan a facer cidade e que, polo tanto, deben contar cun comercio activo que participe e opine nas decisións que afectan directamente a súa vila ou cidade.

SANIDADE IMPLANTARÁ NOS HOSPITAIS DO SERGAS UN SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN INEQUÍVOCA DOS NEONATOS CON PULSEIRAS QUE CONTERÁN DATOS DO NENO E DA NAI

- *Tamén implementará outras melloras na seguridade asistencial, coa implantación do procedemento de identificación inequívoca de pacientes nas áreas de Cirurxía Maior Ambulatoria e Observación de urxencias*
- *Estas medidas teñen como obxectivo principal evitar erros na identificación de pacientes nos hospitais, en áreas críticas nas cales son atendidos cada día un gran número de cidadáns*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade referido á implantación, por parte do Servizo Galego de Saúde, dun novo procedemento de identificación de pacientes nos centros hospitalarios da rede sanitaria pública galega, que amplía o alcance do existente na actualidade.

Entre as novidades máis importantes da serie de medidas relacionadas coa mellora da calidade asistencial que o Sergas está a implantar nos seus hospitais destaca un novo procedemento de identificación inequívoca nai-fillo, así como dos pacientes hospitalizados en Observación de Urxencias e Cirurxía Maior Ambulatoria.

A implantación do procedemento de identificación inequívoca nai-fillo, abrangue os servizos de hospitalización de Obstetricia, servizos de atención perinatal, paritorios e cirurxía relacionada co proceso do parto dos hospitais do Sergas.

Así, no momento do ingreso da nai comprobarase a súa identidade e imprimirase unha pulseira identificativa para ela, cos seus datos, e outra na que constará, ademais, a palabra nai, e que será a que leve o neonato durante as súas primeiras 24 horas de vida.

Pasadas as 24 horas, en canto o neonato teña entidade xurídica, realizarase unha pulseira cos datos de identificación do neno, na que, ademais, hai tres etiquetas de pequeno tamaño cos datos do neonato; dúas delas co obxecto de ser utilizadas nos formularios para o envío da mostra de sangue e urina ao Servizo de Metabolopatías, e outra, para pegar no formulario, co obxecto de solicitar a tarxeta sanitaria do neno.

A colocación da pulseira identificativa á nai realizarana os profesionais de enfermaría cando ingresa en hospitalización de Obstetricia, ou a matrona, no caso de a nai ingresar directamente no paritorio.

Observación de Urgencias e CMA

A identificación inequívoca dos pacientes durante o seu ingreso, a súa estadía na área de Cirurxía Maior Ambulatoria e a súa permanencia na área de Observación de Urgencias, é outra das novidades que está a implantar o Sergas en materia de seguridade asistencial.

Entre os obxectivos específicos desta medida está o feito de sistematizar o procedemento de actuación nos hospitais do Sergas para a comprobación da identidade do paciente no momento do ingreso; a impresión e distribución de pulseiras identificativas polos servizos de Admisión correspondente así como a sistematización do procedemento de colocación e mantemento destas por parte do persoal de Enfermaría; e, ademais, a comprobación da identidade do paciente previa á realización de calquera proba diagnóstica, administración de tratamento, nutrición ou realización de traslados.

O propósito é incorporar, estender e consolidar, como boa práctica por parte de todo o persoal asistencial, a identificación inequívoca dos pacientes durante todo o proceso asistencial, garantindo a rastrexabilidade desde o momento do ingreso ata a súa alta.

En consonancia cos organismos internacionais

A ampliación do alcance e a extensión do procedemento inequívoco de pacientes en todos os hospitais da rede sanitaria pública galega está en liña coa estratexia da Organización Mundial da Saúde e dos organismos internacionais que traballan a prol da mellora da calidade asistencial e da seguridade dos pacientes.

Esta medida ten, pois, como obxectivo principal, evitar os erros na identificación de pacientes nos hospitais, en áreas críticas en que son atendidos cada día un gran número de cidadáns, como é o caso dos servizos de Urgencias, as áreas de Cirurxía Maior Ambulatoria e as áreas de atención nai/fillo no período neonatal.

Ademais, diminúese a variabilidade asistencial entre hospitais na área de identificación de pacientes, homoxeneizando o procedemento, a través dun sistema de indicadores de seguimento común para todos os centros.

Xunto con todo o anterior, grazas a estas medidas, auméntase a eficiencia na xestión dos recursos sanitarios, favorecendo a compra centralizada dos materiais necesarios para o procedemento.

Esta iniciativa está incluída na Estratexia Sergas 2014, na que se establece o feito de garantir a prestación dos servizos en lugar e tempo adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.

Para levar a cabo estas melloras, Sanidade realizou unha compra centralizada de pulseiras identificativas e de impresoras, e elaborou os procedementos traballando, de maneira conxunta, desde diversos departamentos do Sergas (Desenvolvemento e Seguridade Asistencial, compras, sistemas de información, entre outros).

Seguidamente, realizouse a difusión dos procedementos ás xerencias dos hospitais do Sergas e, posteriormente, aos profesionais, planificando un calendario de visitas aos centros hospitalarios para dar soporte á implantación dos novos equipamentos e dos procedementos.

A XUNTA REORGANIZARÁ AS UNIDADES DE SANGUE E TECIDOS PARA UNIFICALAS E POTENCIAR ASÍ A COORDINACIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES

- *O Sergas propón a integración para optimizar o abastecemento e a subministración de compoñentes sanguíneos e medicamentos elaborados con plasma*
- *Facilitará a política de doazón e transplante de órganos e tecidos garantindo os principios de eficiencia, obxectividade, equidade, cooperación e solidariedade*

A Xunta de Galicia propón unha estrutura organizativa única para reorganizar as unidades de sangue e tecidos existentes na Comunidade Autónoma unificándoas e, deste xeito, potenciar a súa coordinación.

Segundo se recolle nun informe abordado hoxe polo Consello da Xunta, este organismo actuará como un instrumento de xestión eficiente para garantir o abastecemento de sangue e os seus derivados, a investigación biomédica, a coordinación de transplantes de órganos e o implante de células de tecidos. Esta unificación das entidades xa se levou a cabo noutras comunidades autónomas en España, como Cataluña, País Vasco ou Navarra, entre outras.

Esta axencia, que non suporá ningún incremento sobre os custos actuais, permitirá optimizar a subministración de compoñentes sanguíneos e medicamentos elaborados con plasma e facilitará a coordinación da política de doazón e transplante de órganos e tecidos garantindo os principios de eficiencia, obxectividade, equidade, cooperación e solidariedade. Ademais, permitirá unha xestión máis áxil e integrada dos recursos e a convivencia de distintos tipos de persoal.

Actualmente, hai en Galicia distintos entes e unidades administrativas que se atopan dispersos e con distinto grao de desenvolvemento técnico e científico e que realizan funcións no eido do abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes e tecidos, o procesamento e almacenamento de células e tecidos e as mostras biolóxicas humanas con fins terapéuticos e de investigación.

O Centro de Transfusións de Galicia, a Oficina de Coordinación de Transplantes, ou os bancos de tecidos terapéuticos e biobancos -que almacenan mostras biolóxicas con fins de investigación- da rede Sergas, así como o Instituto de ortopedia.

Máis calidade no servizo prestado

Polo tanto, a través dunha Axencia de Sangue e Tecidos, a súa integración funcional nun único organismo permitirá a súa xestión dun xeito conxunto e especializado, acadando sinerxías e complementariedades que redundarán nunha maior calidade do servizo que se presta á cidadanía.

Así, con ela garantírase o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma e coordinarase a doazón e o transplante de órganos segundo os estándares de calidade vixentes; organizaranse as actividades de implante de tecidos, incluíndo o procesamento e almacenamento; e garantírase a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos con fins de investigación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN ESPECIAL DE INSPECCIÓN TURÍSTICA PARA A CAMPAÑA DE VERÁN 2011

- *O Plan Especial de Inspección de Turismo para a campaña de verán 2011 ten como obxectivo protexer os profesionais do sector turístico e os seus usuarios da intrusión profesional*
- *Este proxecto céntrase en cinco puntos que serán revisados especialmente polo corpo de inspectores turísticos: a localización de establecementos ilegais, investigación de establecementos legais con prazas ilegais, revisión de todos os cámpings de Galicia, a publicidade enganosa e os prezos*
- *Así mesmo, este plan determina unhas zonas de actuación preferentes elixidas segundo a súa importancia e incidencia no sector e establece un protocolo de actuación contra os establecementos ilegais*
- *A Consellería de Cultura e Turismo presentou, ademais, o balance da actividade inspectora dos primeiros cinco meses deste ano 2011. Este informe reflicte unha preeminencia das actas de constancia (3.110) fronte ás actas de infracción (83), feito que evidencia a función asesora e preventiva da inspección fronte á estritamente controladora, represora ou disciplinaria*

O Consello da Xunta aprobou o *Plan Especial de Inspección de Turismo para a campaña de verán 2011* que ten como fin primordial protexer os profesionais do sector turístico e os seus usuarios da intrusión profesional. Esta planificación insírese no contexto do *Plan Anual de Inspección*, xa aprobado polo Consello da Xunta do 25 de febreiro, e artículase en concordancia co anteproxecto da Lei do turismo de Galicia.

A Consellería de Cultura e Turismo é consciente da importancia e do peso do sector turístico no conxunto da economía galega e da imaxe de Galicia; por iso vela polo estricto cumprimento da legalidade turística vixente. Deste xeito, o *Plan Especial de Inspección* pon o acento en cinco aspectos que serán revisados especialmente polo corpo de inspectores turísticos, determina unhas zonas de actuación preferentes elixidas segundo a súa importancia e incidencia no sector, e establece un protocolo de actuación contra os establecementos ilegais. Así mesmo, a Secretaría Xeral para o Turismo tamén cooperará con outras administracións e departamentos (especialmente a Consellería de Facenda e os concellos) para determinar aquelas incidencias salientables, facendo fincapé no que se refire a establecementos ilegais.

O primeiro dos aspectos preferentes é a inspección e localización de establecementos ilegais, que se realizará a través de actuacións de oficio como o rastrexamento nas páxinas web; dos anuncios en prensa, revistas e outros; folletos distribuídos en axencias de viaxes; ofrecemento de camas en edificios; carteis anunciadores de aloxamento na vía pública, con especial atención ao Camiño de Santiago; ou a través das denuncias recibidas. Tamén se investigarán os establecementos legais con prazas

ilegais, revisando a publicidade *on line* da capacidade dos aloxamentos en zonas sensibles para evitar que se ofrezan máis camas das que teñen autorizadas.

O terceiro dos aspectos será a revisión de todos os cámpings da Comunidade Autónoma para comprobar que reúnen todos os requisitos necesarios para exercer a súa actividade. Cuarto: investigarase se existe publicidade enganosa e prestarase especial atención aos anuncios nunha modalidade que non corresponda coa que está autorizada (por exemplo, hotel cando é pensión, turismo rural cando son vivendas turísticas; ou unha categoría que non é certa, como o aumento do número de estrelas, etc). Quinto e último: comprobarase que os prezos están expostos nun lugar visible e prestarase especial atención ao sistema de cobramento de peixes e mariscos.

Zonas preferentes

A actividade inspectora centrarase nunhas zonas inspectoras preferentes en función da súa repercusión e importancia no sector turístico. Na provincia da Coruña serán os Camiños de Santiago; o núcleo histórico da cidade de Santiago de Compostela; as zonas costeiras de Boiro, Ribeira, Porto do Son, Noia, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, e a Costa da Morte. Na provincia de Lugo, os Camiños de Santiago, a Ribeira Sacra e A Mariña Lucense. Na provincia de Ourense, as zonas de actuación preferente serán o Camiño de Santiago, a Ribeira Sacra e os concellos de Lobios, Muíños, Bande e Celanova. Na provincia de Pontevedra prestarase especial atención ao Camiños de Santiago e ás zonas do Salnés e o Baixo Miño.

Protocolo de acción

Este plan de inspección para o verán 2011 aprobado hoxe no Consello da Xunta tamén establece un protocolo de acción para sancionar os establecementos ilegais. Os aloxamentos en situación de clandestinidade coñecida e contrastada serán pechados sen a incoación de expediente sancionador, logo de recibir o informe da inspección coas circunstancias do caso.

A Inspección da Secretaría Xeral para o Turismo, cando atope nunha inspección un establecemento clandestino, realizará un informe coa descrición dos feitos; a continuación suspenderá a actividade do dito establecemento e concederálles aos propietarios un mes para regularizaren esta situación.

Por último, no caso dun establecemento cuxa clandestinidade se poña de manifesto como consecuencia da denuncia dun particular, a Inspección levantará unha acta de infracción. Posteriormente terá lugar a incoación do expediente sancionador e de comunicación da acta de infracción levantada.

Actividade inspectora de xaneiro a maio 2011

A Consellería de Cultura e Turismo presentou, ademais, o balance da actividade inspectora dos primeiros cinco meses deste ano 2011. Este informe reflicte unha preeminencia das actas de constancia (3.110), fronte ás actas de infracción (83). Este feito evidencia unha prevalencia da función asesora e preventiva da inspección fronte á estritamente controladora, represora ou disciplinaria. Así mesmo, en moitos casos, a redacción previa dunha acta de constancia de feitos non atopa reflexo nunha posterior acta de infracción, feito que contribúe á depuración do sector e á prestación da imaxe máis próxima posible ao obxectivo común da excelencia turística.

Doutra banda, tamén houbo maior volume da actividade informadora sobre a disciplinaria e de redacción e levantamento de actas, unha tendencia progresiva que se ven observando ao longo dos últimos anos. Os informes técnicos orientan os promotores turísticos no adecuado exercicio das súas funcións, tanto con carácter previo a estas como unha vez que resultan iniciados e posteriormente modificados.

Tamén se debe salientar a importancia dos informes de subvencións que teñen como obxectivo garantir a adecuada utilización dos fondos públicos na promoción e fomento do sector turístico. Polo que respecta os informes de denuncia, obsérvase unha presenza cuantitativamente inferior aos anteriores na medida en que se vinculan ás reclamacións feitas polos particulares, tendendo a esclarecer estas e a darlle un carácter complementario ao contido das actas de infracción que, por tal motivo, puideren ser levantadas.

A provincias de Pontevedra e Coruña seguen a ser as áreas con máis actividade inspectora, feito que se corresponde coa realidade e o peso do conxunto da oferta turística de Galicia e co número de inspectores. O corpo de inspectores está formado por 27 persoas distribuídas da seguinte maneira: 12 inspectores na provincia da Coruña (5 en Santiago de Compostela); 7 en Pontevedra; 4 en Lugo; e 4 en Ourense. A actividade de reclamación (denuncias turísticas) dos usuarios tamén garda unha proporcionalidade bastante axustada ao volume de negocio das provincias, que foron: 173 na provincia da Coruña; 68 en Pontevedra; 41 en Lugo e 28 en Ourense.

Durante os primeiros cinco meses do 2011 a Secretaría Xeral para o Turismo levantou 133 incoacións de expediente sancionador, dos cales 66 correspóndense a expedientes de infraccións leves e 67 de infraccións graves. Non se incoou ningún de carácter moi grave. A tipoloxía infractora máis abundante foi a de efectuar modificacións da estrutura, da capacidade ou das características dos establecementos sen a autorización previa da Xunta de Galicia. Outras infraccións comúns foron a negativa ou resistencia á entrega de follas de reclamación aos usuarios e a deficiente prestación dos servizos.